

Un ano de mobilidade xuvenil 2015





© Xunta de Galicia. 2015. *Un ano de mobilidade xuvenil, 2015*

Edita

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

URL: <https://libraria.xunta.gal/gl/un-ano-de-mobilidade-xuvenil-2015>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.Compartir Igual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Dep. Legal

D.L. C 1251-2016

Imprime

Grafidez, S.L.



Un ano de mobilidade xuvenil 2015

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Santiago de Compostela 2016



Saúdo

No documento *Unha estratexia da Unión Europea para a Xuventude: investimento e capacitación*, a Comisión Europea destaca como unha das claves para o desenvolvemento persoal e a mellora da empregabilidade da mocidade, a súa participación en programas de mobilidade.

Un dos eixes preferentes para a Xunta de Galicia é o fomento dos fluxos xuvenís, o que se reflectiu tanto na *Estratexia Xuventude 2013* como tamén no novo Plan Estratéxico de Xuventude 2014-2016. É precisamente neste último documento onde o Goberno galego reforza o seu compromiso neste eido, garantindo aos mozos e mozas 7.850 prazas nos programas de educación non formal e mobilidade Erasmus +, campos de traballo e Galeuropa.

A mobilidade non é un fin en si mesmo. Todo o contrario. A mobilidade debe entenderse como a adquisición de novas capacidades nun contorno cultural e social novo, tanto a través da formación académica como das prácticas profesionais e mesmo dos propios procesos de educación non formal que leva aparellada a participación nestes programas.

Tanto é así que a finalidade de todas estas iniciativas non é outra que a de mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o currículo a través dunha experiencia internacional. Unha práctica que pode chegar a marcar a diferenza entre dous currículos universitarios

aparentemente iguais á hora de optar a un posto de traballo.

Os programas de mobilidade tamén levan aparelados un incremento da responsabilidade e da autonomía dos participantes. Lonxe do contorno habitual e do acceso inmediato a todos os recursos que se manexan no ámbito social ou familiar de procedencia, hai que esforzarse para buscar novas solucións. Esta circunstancia adoita desencadear unha serie de mecanismos de aprendizaxe non formal que serán de moita utilidade no futuro. Este é o camiño no que estamos a traballar e no que seguiremos poñendo todos os medios ao noso alcance.

Cecilia Vázquez Suárez

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

ÍNDICE

I. ERASMUS+: XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1: Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe. Mobilidade de mozos e traballadores no ámbito da xuventude.

1.1.1 Intercambios xuvenís.....	11
- Intercambios de acollida.....	11
- Intercambios de envío.....	17
1.1.2 Servicio Voluntario Europeo.....	27
- Proxecto de acollida.....	27
- Proxecto de envío.....	49
1.1.3 Mobilidade de traballadores no ámbito da xuventude.....	65
- Proxecto de acollida.....	65
- Proxecto de envío.....	69

1.2 Acción Clave 2: Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas

1.2.1 Asociacións Estratéxicas.....	77
-------------------------------------	----

1.3 Acción Clave 3: Apoio á reforma das políticas

1.3.1 Diálogo Estruturado.....	79
--------------------------------	----

II. ERASMUS+: EDUCACIÓN

Digal.....	81
------------	----

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Galeuropa.....	83
Xuventude no mundo.....	97

I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1



- 1.1.1 Intercambios xuvenís
- 1.1.2 Servizo voluntario europeo
- 1.1.3 Mobilidade de traballadores no
ámbito da xuventude



I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1



1.1.1 Intercambios xuvenís
- Intercambios de acollida

INTERCAMBIO DE ACOLLIDA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Fundación Ramón González Ferreiro

TÍTULO DO PROXECTO: Modern Shepherds

LUGAR DE REALIZACIÓN: Pacifios - Allariz (Ourense)

DATA DE REALIZACIÓN: 18/04/15 ao 25/04/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Grecia, Portugal, Croacia, Romanía

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 43

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto consistiu nun intercambio de ideas, culturas, experiencias e valores no marco do emprendemento rural. Aprendendo uns dos outros, baixo unha metodoloxía de educación non formal, mediante presentacións, obradoiros e visitas. Coñeceron experiencias empresariais innovadoras no rural, como é o caso da Granxa-Queixería e Centro de Educación Ambiental do Rexo, todas elas integradas na Reserva da Biosfera Área de Allariz.

Unha fermosa experiencia nun contorno natural e rural, rodeados de xente de diferentes nacionalidades compartindo e achegando alternativas sustentables ás formulacións industriais e de consumismo urbano.

INTERCAMBIO DE ACOLLIDA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Concello de Vedra

TÍTULO DO PROXECTO: Como a un irmán che falo II

LUGAR DE REALIZACIÓN: Vedra

DATA DE REALIZACIÓN: 14-22/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Portugal e Galicia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 18

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 36

RESUMO DO PROXECTO:

Con este proxecto creouse un espazo de encontro, intercambio e reflexión sobre as “relacións” Galicia-Norte de Portugal.

Entre os obxectivos principais destacan: fomentar a cooperación territorial entre as dúas rexións transfronteirizas, favorecer a valorización das tradicións e culturas dos lugares de pertenza, posibilitando que a xuventude sinta orgullo polo territorio onde residen; respectar o alleo e reflexionar a importancia do intercambio cultural entre os pobos e promover a axuda mutua, a autoestima, a responsabilidade e a autonomía, contribuíndo á adquisición de competencias persoais, sociais e profesionais.

No conxunto de actividades desenvolvidas cabe mencionar a elaboración dun mapa de relacións galego-portuguesas e un documental.

INTERCAMBIO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Socioeducativa Educere

TÍTULO DO PROXECTO: Youth at healthy living habits

LUGAR DE REALIZACIÓN: Muxía, A Coruña

DATA DE REALIZACIÓN: 20-28/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España e Austria

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 12

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 24

RESUMO DO PROXECTO:

Youth at Healthy Living Habits trátase dun proxecto de intercambio xuvenil bilateral, que contou coa participación de 20 rapaces de idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos, que tivo lugar en Muxía, A Coruña.

O obxectivo principal da actividade foi a promoción de estilos de vida saudables, en relación á alimentación, á práctica da actividade física, ao abuso de substancias, especialmente o alcohol e o tabaco e a utilización das novas tecnoloxías da información vinculadas á difusión de estilos de vida sa.

As actividades nas que participou a mocidade durante o desenvolvemento do intercambio foron: obradoiros de dieta saudable, a práctica de novos e divertidos deportes, sendeirismo, danza, xogos de diverso tipo, actividades de carácter intercultural, de relaxación mental e física, visitas culturais, debates, reflexións grupais, entre outras.

INTERCAMBIO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Sustinea

TÍTULO DO PROXECTO: Implicad@s polo cambio

LUGAR DE REALIZACIÓN: Parque Natural do Xurés

DATA DE REALIZACIÓN: 17-25/09/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Portugal e Francia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 10

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 30

RESUMO DO PROXECTO:

Intercambio xuvenil: Implicad@s polo cambio, é un intercambio de 9 días de duración dirixido a 30 mozos e mozas de tres países europeos como son Francia, Portugal e España. Este intercambio, busca a socialización e o desenvolvemento integral dos participantes, a través da participación en distintas actividades ambientais: *workshop*, visitas didácticas, actividades de lecer, dinámicas de grupo, teatro, debates, vídeo-forum, talleres, elaboración de produtos ecolóxicos, etc.

A metodoloxía activa e lúdica permitiranos a participación no deseño, implementación e análise dos resultados de cada unha das actividades. Os resultados previstos son dotar os/as participantes con ferramentas suficientes para poder desenvolver a capacidade de comunicarse con outras persoas, organizarse nun marco colectivo, unha das necesidades maiores destes/as mozos/as. Isto tamén vai contribuír nos/as participantes xuvenís a que participen e adquiren responsabilidades.

O impacto buscado é o de proxectar nos países de procedencia dos/das participantes, as experiencias de éxito compartidas durante o intercambio, mostrándolles aos/as mozos/as que un mundo mellor é posible, que non están sós/as e que existen diferentes alternativas ambientais, que lles facilita poder integrarse social e laboralmente.

INTERCAMBIO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Cultural Muxelka

TÍTULO DO PROXECTO: Érase unha vez

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Coruña

DATA DE REALIZACIÓN: 5-11/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Polonia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 12

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 24

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto céntrase en cuestións de pertenza e identidade en Europa: Que relatos conmemorativos sobre Europa existen en diferentes historias locais, nacionais ou outros? Como se forman estes relatos? Que aspectos importantes se manteñen mentres que outros se descoidan?

70 anos despois do final da Segunda Guerra Mundial e os 79 anos despois do comezo da Guerra Civil en España, moitos anos de ditaduras e 15 anos despois do final do século XX tan difícil para toda Europa, os 24 participantes de Polonia e España afrontaron as narrativas históricas sobre Europa que existen nos diferentes relatos a nivel local, nacional ou doutro tipo. Durante o intercambio de 5 a 11 agosto 2015, os participantes discutiron estes temas e intercambiaron as experiencias.

Socios/as do proxecto: Asociación Cultural Muxelka da Coruña e Stowarzyszenie Rozwoju Gmin i Miast Powiatu Garwolińskiego de Polonia. Métodos de traballo: xogos de integración, talleres, traballo en grupos sobre un proxecto individual, entrevista, debate, presentación, visitas.

I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1



1.1.1 Intercambios xuvenís
- Intercambios de envío

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: Peace 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: Canakkale (Turquía)

DATA DE REALIZACIÓN: 6-10/07/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Turquía, Macedonia, Grecia, Italia, Romanía, Hungría, Armenia e Bulgaria

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 4

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 36

RESUMO DO PROXECTO:

Peace 2015 foi un intercambio xuvenil centrado na memoria histórica e sobre as diversas ferramentas que as entidades xuvenís poden utilizar para contribuír á existencia da paz e a reconciliación entre comunidades. Neste proxecto os/as representantes dos 9 países participantes, catro de eles/as galegos/as, tiveron a oportunidade de interactuar con persoas de culturas moi diferentes e expresar os seus puntos de vista sobre o tema, así como crear novas canles de cooperación entre entidades para futuros proxectos.

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Concello de Vedra

TÍTULO DO PROXECTO: Celta eu?

LUGAR DE REALIZACIÓN: Viana do Castelo (Portugal)

DATA DE REALIZACIÓN: 27/07/15 ao 4/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Portugal, Francia e Galicia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 12

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 35

RESUMO DO PROXECTO:

Foron obxectivos do proxecto fomentar a cooperación territorial entre as rexións, coñecer e revivir usos e costumes da sociedade celta que influíron na construción da identidade en Galicia, Miño e Bretaña; descubrir as semellanzas existentes entre as rexións, tendo en conta a cultura celta, concienciar para unha cidadanía europea e para un crecemento sustentable...entre outros.

No conxunto de actividades deste intercambio destaca o escribir de forma conxunta un libro infantil, baixo o título "Tres historias e un pasado"; unha homenaxe de letras e debuxos para os que nos antecederon nestas terras.

Ademais, os/as participantes desenvolveron outras actividades complementarias de ocio e tempo libre, dinámicas de coñecemento e interculturais...

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Socioeducativa Educere

TÍTULO DO PROXECTO: All Europe

LUGAR DE REALIZACIÓN: Innsbruck, Austria

DATA DE REALIZACIÓN: 11/07/2015 - 18/07/2015

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Escocia, Finlandia e Austria

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 10

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 40

RESUMO DO PROXECTO:

All Europe é un intercambio xuvenil que tivo lugar en Innsbruck, Austria e contou coa participación de 40 mozos e mozas, dos países de Escocia, Finlandia, Austria e España.

O principal obxectivo da actividade era o de proporcionar aos participantes a súa primeira experiencia europea a través da cal adquirisen novos coñecementos, ideas, habilidades, entre outros. Todas elas, dirixidas por un equipo multicultural, conformado por 2 responsables por cada país e organización asociada.

No intercambio desenvolvéronse actividades de carácter intercultural, obradoiros, debates, simulacións, deporte e xogos ao aire libre, visitas culturais, etc.

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Socioeducativa Educere

TÍTULO DO PROXECTO: Less is more

LUGAR DE REALIZACIÓN: Portoalegre e Palmela, Portugal

DATA DE REALIZACIÓN: 24/08/15 ao 4/09/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Estonia, Italia, Austria, Reino Unido e Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 6

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 42

RESUMO DO PROXECTO:

“Less is more” é un proxecto de intercambio multilateral no que participaron 42 mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos. A actividade desenvolveuse nas localidades de Portoalegre e Palmela e contou cun equipo de líderes multicultural, un por organización e país.

As temáticas tratadas foron a participación activa, a inclusión social, estilos de vida saudable, medio ambiente, cidadanía e Europa etc. O seu obxectivo foi a promoción da cidadanía activa e o entendemento mutuo, o desenvolvemento de competencias sociais e persoais, conciencia europea e o Programa Erasmus + como un mundo de oportunidades para todos/as.

Algunhas das actividades levadas a cabo foron: reflexións e debates, xogos, visitas culturais, vídeos, simulacións, a práctica de deportes diversos, entre outras.

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Xeración Asociación Cultural

TÍTULO DO PROXECTO: Seven notes, one Europe

LUGAR DE REALIZACIÓN: Modica (Italia)

DATA DE REALIZACIÓN: 20-30/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Italia, Polonia, Bulgaria, Romania e Letonia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 5

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 30

RESUMO DO PROXECTO:

Creo que antes que unha descrición fría e técnica é mellor que un dos participantes galegos transmita o que se respirou no proxecto. Seguro que é máis inspirador para os/as lectores/as da guía.

Como sempre, unha alarma avisa de que todo comeza. 4:30 da mañá, dúchate, pon a mochila nos ombros e colle o primeiro transporte ao aeroporto. Sicilia espera, calorosa, diversa, co seu Etna, os seus viños, suparmigliano... Novo intercambio, novas ideas.

Atrasos en avións, algunha maleta extraviada e dúas porcións de pizza despois, chegas. Algo xa se respira no ambiente. "7 notes 1 Europe" pretende unir o folclore de diferentes países de Europa para crear algo novo, algo verdadeiro, algo eterno, pero sobre todo, algo diferente. E créase, abofé que si! Cinco minutos despois de chegar, a improvisación de tres guitarras fai aparecer o son dunha Tilinca (Fruta romana de pastores, ancestral, profunda e poderosa).

Tras dous días, catro grupos crean oito cancións e dous días máis tarde convértense nun frenesí de sons no estudo de gravación.

9:30 da noite, o último compás da última canción grávase cun último solo de Tilinca. Toma boa, noso mecenas e eu mirámonos, resoplamos e fundímonos nun abrazo de agradecemento recíproco e de compañeirismo.

E así termina. Este proxecto conseguiu unir ánimas de cada curruncho de Europa e todo queda reflectido nun CD. En cada nota, en cada palabra.

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Sociocultural Luenda

TÍTULO DO PROXECTO: Young challenges against social exclusion

LUGAR DE REALIZACIÓN: Torregrotta (Sicilia)

DATA DE REALIZACIÓN: 13-20/05/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Romanía, Portugal, Hungría e Eslovaquia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 40

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto realizado enmarcouse dentro do Programa Erasmus+ financiado pola Comisión Europea. Realizouse en Torregrotta, Sicilia. Os representantes españois que asistimos fomos: Rubén Miranda Gonçalves (coordinador), Delfín Martínez, Gonzalo Grovas, Roberto Macías, Patricia Terleiro, Ana Vega, Emma Álvarez e Clara Pérez.


Foi un encontro plurinacional no que varios mozos e mozas de diferentes nacionalidades analizamos un tópic en conflito e achegamos solucións a este. Neste caso o tópic central era “Young challenges against social exclusion”, o que vén significando na nosa lingua, “Retos xuvenís contra a exclusión social”.

Os *workshops* principais nos que participamos foron: “Performative arts for Social Inclusion” e “Action to prevent discrimination”. Fóra deses termos, realizáronse unha serie de actividades onde se buscaba unha interactividade entre os membros dos diferentes países para poñer en práctica unha serie de competencias esixidas pola Comisión Europea.

Durante esa semana, ademais das tarefas típicas de traballo en *workshops*, sempre en grupos, realizamos visitas turísticas para coñecer a illa siciliana: Milazzo, Tindari, Mesina, Taormina etc. e por último, organizamos unha cea internacional onde cada país presentaba os produtos típicos.

Sen dúbida, foi unha experiencia moi gratificante que nos serviu para coñecer máis polo miúdo a situación dos demais países en canto á exclusión social se refire.

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE/ ASOCIACIÓN: New International Company of Live Arts "NICOLA"

TÍTULO DE PROXECTO: European Youth Future

LUGAR DE REALIZACIÓN: Londres, Reino Unido

DATA DE REALIAZACIÓN: 24-30/06/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Polonia, Turquía, Francia, Italia, Bulgaria, España e Reino Unido

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 10

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 45

RESUMO DO PROXECTO:

"European Youth Future" é un programa de intercambio entre 9 organizacións europeas de Polonia, Turquía, Francia, Italia, Bulgaria, España e Reino Unido. O proxecto realizouse entre o 24 e 30 de xuño de 2015 na capital londinense cun total de 45 participantes.

O obxecto principal foi producir cancións orixinais cos temas máis preocupantes para eles de Europa. Desenvolvéronse multitude de actividades de *workshops* os cales favoreceron o desenvolvemento persoal, as relacións con novos artistas foráneos e sobre todo brindarlles unha oportunidade de colaborar para un futuro común a partir dunha actitude proactiva.

O proxecto permitiu, ademais de reflectir a súa identidade, interactuar e mellorar a súa capacidade para tomar decisións a través dunha experiencia enriquecedora.

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Culturale Nikolaus (Italia)

TÍTULO DO PROXECTO: We Live Healthy, We'll Be Well - WeWeWE

LUGAR DE REALIZACIÓN: Venético, Sicilia (Italia)

DATA DE REALIZACIÓN: 8-15/06/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Bulgaria, Rusia, Moldavia, Armenia, España, Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 6

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 24

RESUMO DO PROXECTO:

Este proxecto estaba dedicado aos hábitos alimenticios saudables. Por ese motivo, entre outras cousas, recibimos unha charla/coloquio dunha doutora italiana experta en alimentación que expuxo os malos hábitos de vida, como cambialos, as diferentes alimentación de cada país etc. Así mesmo, tivemos contacto con máis actividades relacionadas con este tema.

Por outra banda, á parte do proxecto alimenticio, levábase a cabo de forma continua a mestura e relación entre os e as compoñentes que participaban neste proxecto con múltiples actividades de presentación, coñecemento da cultura de cada país, hábitos alimenticios de cada un/unha, etc.

E finalmente, cabe mencionar que coñecemos unha parte de Sicilia, xa que á parte de todo o anterior, nos movemos pola zona norte da illa para realizar as actividades en lugares diferentes ou para visitar unha zona en concreto.

INTERCAMBIO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Xuvenil Vrenza

TÍTULO DO PROXECTO: We Live Healthy, We'll Be Well (Vivimos unha vida saudable, imos estar ben)

LUGAR DE REALIZACIÓN: Venetico, Sicilia, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: 8-15/06/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia, Bulgaria, España, Armenia, Federación Rusa e Moldavia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 6

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 35

RESUMO DO PROXECTO:

Partindo da idea principal da EXPO 2015, que se celebrará en Milán o próximo ano e na que o tema principal é a comida e a loita contra a fame no mundo, o proxecto foi creado co obxectivo de impulsar os/as mozos/as a ter un estilo de vida equilibrado, unha boa alimentación, promover unha vida activa e aprender a pensar de forma "saudable". A raíz da política de xuventude sobre as prioridades da Comisión Europea, outro dos principais obxectivos do proxecto é involucrar os/as mozos/as na participación activa da vida político-social e cultural, a través dunha dimensión global, dando a oportunidade de desenvolver o seu sentido de cidadanía europea e a comparación entre os diferentes estilos de vida nos seus países de orixe. O proxecto enfocouse na discusión de temas ligados ao benestar, como un modelo de vida correcta e saudable, a promoción da inclusión social e a tolerancia. Durante o proxecto os mozos e mozas tiveron un taller de cociña co fin de promover as tradicións nacionais e a diversidade cultural. Todas as actividades foron pensadas para fomentar unha mente creativa, e aprender algo novo e gratificante para unha vida mellor.

I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1



1.1.2 Servizo voluntario europeo
- Proxecto de acollida

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Concello da Baña

TÍTULO DO PROXECTO: SVE, unha realidade para descubrir e aprender

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Baña (A Coruña)

DATA DE REALIZACIÓN: 5/01/15 ao 4/01/16

PAÍSES PARTICIPANTES: Xeorxia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

Durante todo o 2015, desde o Concello da Baña volvemos a achegar un pouco máis aos países asociados veciños da UE á Comarca de Barcala. Para isto contamos coa colaboración de Ana Gasviani e Tinatin Radmadze, as dúas voluntarias que apoiaron as tarefas da Concellería de Cultura, Emprego, Servizos Sociais e Educación baixo a titorización de Alicia Blanco Sande, a concelleira.

Ana e Tinatin conseguiron o cariño da xente no Centro Social e da Terceira Idade, onde desenvolveron actividades para os maiores e colaboraron nas actividades de tempo libre como baile tradicional galego.

Durante o curso escolar, organizaron actividades de danza para os/as menores do CPI San Vicente da Baña.

Para a Escola de Educación Infantil de Lañas prepararon un conto en xeorxiano e en galego. E xa no Punto de Atención á Infancia axudáronlles ás dúas mestras co seu día a día con bebés de 0 a 3 anos.

As dúas mozas acadaron o *Youthpass* como recoñecemento ás competencias acadadas durante o seu traballo no Concello da Baña.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: Proxecto de ocio e tempo libre para a mocidade e persoas con discapacidade

LUGAR DE REALIZACIÓN: Vigo

DATA DE REALIZACIÓN: 3/10/15 ao 31/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Grecia, Italia, Alemaña, Polonia e Ucraína

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 5

RESUMO DO PROXECTO:

Trátase dun proxecto de SVE de acollida que se desenvolve na cidade de Vigo, onde 5 rapaces/as de 5 países diferentes realizan diversas actividades en tres entidades locais de Vigo: Centro Xuvenil Abertal, entidade de acollida e coordinadora, onde os/as voluntarios/as apoian as actividades de ocio e tempo libre do centro; ASPANAEX, un centro ocupacional e educacional para persoas con discapacidade intelectual onde participan activamente no día a día do centro; e Asociación Arela, unha casa familiar onde conviven rapaces e rapazas en risco de exclusión e na que o voluntariado europeo contribúe a ofrecerlles diferentes alternativas de ocio e tempo libre durante as tardes.

O proxecto tamén inclúe diversas actividades conxuntas nas que participan todos/as os/as voluntarios/as para fomentar o servizo voluntario europeo e o programa Erasmus+ entre a mocidade de Vigo e da súa área. Os voluntarios comezaron as actividades en outubro de 2015 e finalizarán en agosto de 2016.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Fundación ADCOR

TÍTULO DO PROXECTO: Xuventude e mobilidade

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Coruña.

DATA DE REALIZACIÓN: 2015-2016

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 1

RESUMO DO PROXECTO:

A Fundación ADCOR (Adultos Discapacitados da Coruña), é unha entidade sen ánimo de lucro que naceu en 1996 con obxecto de dar unha resposta ás necesidades de formación para o emprego e o tránsito á vida adulta das persoas con discapacidade psíquica. Actualmente a Fundación ADCOR tamén xestiona un centro para persoas da terceira idade.

As actividades do proxecto están relacionadas coa dinámica xeral do centro, isto é: apoio en aula (participando no desenvolvemento das actividades programadas), de rutina cotiá e colaborando nos servizos e proxectos complementarios que realizan os centros (acompañamento no transporte, actividades lecer...).

Neste proxecto participou un mozo italiano, Massimo, dando apoio nas actividades para a terceira idade.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Amigos da Terra

TÍTULO DO PROXECTO: Información e educación ambiental en Galicia

LUGAR DE REALIZACIÓN: Serra de San Mamede - Ourense

DATA DE CELEBRACIÓN: xaneiro a decembro 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Alemaña, Francia, Italia, Hungría, Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA:

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 5

RESUMO DO PROXECTO:

Amigos da Terra é unha asociación ecoloxista que fomentamos un cambio local e global cara unha sociedade máis respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

O proxecto de SVE desenvólvese en relación a temática medio ambiental, promovendo o desenvolvemento sostible e levándose a cabo no Centro de educación ambiental "As Corcerizas", situado na Serra de San Mamede na provincia de Ourense.

Os/as voluntarios/as colaboran nos servizos ofrecidos pola asociación Amigos da Terra no noso centro de educación ambiental, participando na organización e na elaboración de obradoiros de temática ambiental sobre residuos, cambio climático, enerxías renovables e bioconstrución.

Para máis información pódese consultar:

www.amigosdaterra.net www.ascorcerizas.com <http://evsinadt.blogspot.com.es/>

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Andaina Pro Saúde Mental

TÍTULO DO PROXECTO: DELOA

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Escravitude (Padrón)

DATA DE REALIZACIÓN: 2015-2016

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 1

RESUMO DO PROXECTO:

Andaina pro Saúde Mental é unha asociación creada no 2010 ante a necesidade de cubrir un baleiro existente que atendera dun xeito global ás persoas con trastornos mentais, nas comarcas que abranguen as áreas sanitarias de Santiago de Compostela, especialmente no ámbito rural.

A voluntaria participou en todo tipo de actividades, especialmente de lecer, creativas, horta, cociña, pintura e de apoio ao persoal da asociación en xeral.

Neste proxecto participou Irene, unha moza de Italia.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Xuvenil Amencer

TÍTULO DO PROXECTO: Actividades en Amencer

LUGAR DE REALIZACIÓN: Ourense

DATA DE REALIZACIÓN: 1/02/15 ao 31/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Portugal e Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

As dúas voluntarias participaron nun gran proxecto que englobou diferentes actividades, destinadas todas elas á infancia e á mocidade da cidade de Ourense. Estas tiveron lugar tanto no curso escolar con apoio educativo proxecto para nenos/as de educación primaria e secundaria con necesidades educativas. Por outro lado, Xangal, ludoteca para nenos e nenas de educación infantil e primaria así como actividades de ocio e tempo libre educativo en períodos de vacacións (Mañás de Nadal, Mañás de Verán, Campamento Urbano, etc.)

Todas elas tiveron unha finalidade educativa en si mesma, tratando de educar en valores, favorecer a creatividade, a participación e o traballo en equipo, ademais de permitir ao mesmo tempo conciliar a vida laboral e familiar dos/as destinatarios/as.

As actividades por tanto foron moi variadas, desde o apoio para o estudo, actividades de tempo libre educativo de nenos/as e adolescentes, ata actividades de deporte, traballos manuais, relación coa natureza, coñecemento da cidade...Todas elas foron levadas a cabo seguindo unha metodoloxía activa e participativa, na que os destinatarios e ambas voluntarias, foron as auténticas protagonistas.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)

TÍTULO DO PROXECTO: DIS-TIME

LUGAR DE REALIZACIÓN: Santiago de Compostela

DATA DE REALIZACIÓN: 7/10/15 ao 6/06/16

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Romanía e Bélxica

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

As persoas voluntarias traballan xunto co persoal da entidade, tanto na oficina coma nos centros de recursos dos que COGAMI dispón e nos que participan na planificación, deseño e implementación das actividades que implican un traballo directo coas persoas con discapacidade (obradoiros de coiro, cestería, horticultura, encadernación, alfabetización dixital, etc.). Tamén participan en actividades de sensibilización e concienciación.

Para facilitar a integración das persoas voluntarias na organización e na comunidade, dispoñen de un/unha titor/a que é o/a encargado/a de proporcionar apoio tanto no ámbito profesional como no persoal. Deste modo, encárgase da acollida á súa chegada á cidade, de explicar os valores e a filosofía da organización e de facilitar a integración sociocultural das persoas voluntarias.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Concello de Curtis

TÍTULO DO PROXECTO: Voluntactivities in Europe!

LUGAR DE REALIZACIÓN: Curtis e Teixeira

DATA DE REALIZACIÓN: 27/12/2014 ao 26/12/15

PAÍSES PARTICIPANTES: 2

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

Dúas rapazas ucraínas estiveron durante un ano no Concello de Curtis como voluntarias europeas. Durante este tempo realizaron as súas tarefas sobre todo no ámbito xuvenil e cultural, posto que é unha das mellores formas de integrarse coa poboación e potenciar a interculturalidade na sociedade, ademais de dar maior visibilidade e difusión do Servizo Voluntario Europeo.

Estas participantes axudaron nas actividades que se organizan desde o concello:

Obradoiros tanto para maiores como para nenos/as de informática e inglés.

Axuda aos/ás monitores/as nos campamentos durante as vacacións escolares do verán, nadal e semana santa.

Axuda e organización dos diferentes eventos culturais e gastronómicos: nadal, entroido, exaltación do cogomelo, festa do cabalo...

Desta forma, a súa participación supuxo un valor engadido ás actividades programadas, achegando un coñecemento máis amplo doutras culturas e obtendo unha aprendizaxe non formal que lles axudará na súa volta ao seu país tanto no ámbito persoal como profesional.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación de Desarrollo Local Deloa

TÍTULO DO PROXECTO: DELOA

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Escravitude (Padrón)

DATA DE REALIZACIÓN: 2015-2016

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia e Austria

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

Colaboracións en escolas infantís e garderías da zona para actividades lúdicas e de aprendizaxe intercultural para os nenos e nenas.

Colaboración na asociación AMIPA, para persoas con discapacidade.

Colaboración en proxecto LA IDA, participando na formación cultural de mozos/as galegos/as en desemprego e sen formación que van realizar prácticas non remuneradas en empresas durante un mes en Alemaña e tamén na acollida de mozos/as alemáns/ás que desenvolven as súas prácticas laborais non remuneradas en empresas das comarcas de intervención da asociación DELOA.

Apoio en programas de mobilidade europea e na difusión destes.

Neste proxecto participaron unha moza italiana, Irene, e unha moza austríaca, Christina.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: CSC Castiñeiriño, CSC Santa Marta, CSC Fontiñas e CSC Vite / Solidarites Jeuneses, VšĮ Socialinis veiksma, Eski Avrupa gönüllü Hizmeti GönüllüleriGençlik Derneği e SFERA / ETL Don Bosco

TÍTULO DO PROXECTO: Europa en los centros socioculturales

LUGAR DE REALIZACIÓN: Santiago de Compostela

DATA DE REALIZACIÓN: 1/10/14 ao 31/07/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Turquía, Rusia, Francia, Lituania e España.

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 4

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto desenvolveuse en Santiago de Compostela e a actividade tivo una duración de 10 meses, a través da colaboración de Turquía, Rusia, Francia, Lituania e España.

As organizacións de acollida foron os centros socioculturais que o Concello de Santiago pon á disposición dos cidadáns en distintos barrios de Santiago de Compostela. Todas pretenden proporcionar aos distintos usuarios actividades artísticas e culturais e de ocio e tempo libre.

O obxectivo dos socios foi o de proporcionar aos/ás mozos/as a oportunidade de participar nunha experiencia de animación sociocultural, aprendizaxe intercultural e educación a través das actividades de ocio e tempo libre.

Neste sentido, 4 voluntarias: Ezgi de Turquía, Ekaterina de Rusia, Charlotte de Francia e Aukse de Lituania, colaboraron con voluntarios/as locais e equipo técnico dos centros socioculturais do Concello de Santiago, e do centro Don Bosco, realizando actividades de animación sociocultural, artísticas e de interculturalidade nos barrios de Vite, Fontiñas, Santa Marta e Castiñeiriño: animación en salas de xogos, actividades sociais, artísticas e culturais, información xuvenil, actividades especiais en festas, xogos de exterior...

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: acollida: ETL Don Bosco e ARC Os Tilos / envío: Jugendwerk der AWO Württemberg e.V.

TÍTULO DO PROXECTO: Achegando Europa á comunidade local

LUGAR DE REALIZACIÓN: Santiago de Compostela e Os Tilos, Teo

DATA DE REALIZACIÓN: 1/02/15 ao 31/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Alemaña e España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto desenvólvese en Santiago de Compostela e nos Tilos (unha pequena urbanización a 4 km de Santiago), a través da colaboración entre Alemaña e España.

O obxectivo era proporcionar aos mozos e mozas a oportunidade de participar nunha experiencia de animación sociocultural, tempo libre e aprendizaxe intercultural.

Neste sentido, dúas voluntarias, Viviane e Judith de Alemaña, colaboraron no Centro Don Bosco e na Asociación Recreativo-Cultural Os Tilos, realizando actividades de animación sociocultural e tempo libre para nenos e nenas, mozos/as e adultos: ludoteca, biblioteca, aula de informática, obradoiros lingüísticos, actividades en festas populares, actividades especiais, actividades informativas sobre o Programa Erasmus+ e o SVE, campamentos de verán...

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Socioeducativa Educere

TÍTULO DO PROXECTO: Rückenwind Employability Tuning II

LUGAR DE REALIZACIÓN: Muxía, A Coruña

DATA DE REALIZACIÓN: 12/04/15 ao 5/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Austria

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 15

RESUMO DO PROXECTO:

Employability Tuning II é un proxecto de SVE de curta duración que involucra a mozos/as con menos oportunidades. Forma parte da estratexia Rückenwind, contando cunha metodoloxía moi específica, que busca o máximo desenvolvemento persoal dos/as participantes. Lévese a cabo en varios países da Unión Europea como Finlandia e Inglaterra, e este ano, por segunda vez, foi executado en Muxía, A Coruña, da man da Asociación Socioeducativa Educere, entidade de acollida.

O Proxecto Employability Tuning II contou con 15 voluntarios/as de nacionalidade austríaca, recibidos en quendas de 5 cada mes, de idades comprendidas entre os 17 e 30 anos. A tarefa fundamental dos distintos grupos de voluntarios/as foi a de limpar un terreo con maleza, preparalo para a sembra e o posterior cultivo de verduras e hortalizas. O terreo escollido atopábase situado nun lugar singular e privilexiado de Muxía, preto do Santuario da Barca e mirando cara ao mar, onde hai unha gran cantidade de terras abandonadas.

Todo o recadado na horta foi destinado a Cáritas-Muxía coa intención de axudalos no labor que están desempeñando en relación co soporte alimentario das familias con menos recursos do municipio. Estas tarefas foron, á súa vez, cumprimentadas con outras de carácter formativo, como son a aprendizaxe do idioma, cun curso de español, visitas culturais, axuda na difusión e promoción do proxecto, actividades de carácter intercultural (encaixe de bolillos, visita a un barco de arrastre, reunión con mariñeiros locais, etc.), de interacción e integración na comunidade, actividades con medios dixitais, entre outras.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Socioeducativa Educere

TÍTULO DO PROXECTO: Sounds of the sea

LUGAR DE REALIZACIÓN: Muxía, A Coruña

DATA DE REALIZACIÓN: 1/10/15 ao 4/12/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Finlandia, Austria, Estonia e Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 16

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto de voluntariado europeo "Sounds of the sea", acolleu a 16 mozos/as, de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, 9 no mes de outubro e 7 no de novembro, na localidade de Muxía, A Coruña.

O obxectivo da Asociación Socioeducativa Educere, entidade coordinadora, era o de proporcionar aos/ás mozos/as, con escasas oportunidades, desempregados ou con algún tipo de barreira social para a súa integración no mercado laboral ou no ámbito académico, orientación vocacional, motivación e competencias que lles axudarán nun futuro proceso de inserción sociolaboral nos seus países de orixe.

O primeiro grupo colaborou na rehabilitación dun parque público para os/as nenos/as do pobo e, no caso do segundo, participaron en distintas tarefas de reparación do Museo de Voluntariado de Muxía. Ademais, recibiron obradoiros sobre habilidades sociais e resolución de conflitos e formación ocupacional, orientación vocacional, desenvolveron a súa creatividade coa técnica Land Art, entre outras moitas actividades de carácter intercultural, de coñecemento da cultura do país de acollida e da localidade de Muxía, para facilitar a aprendizaxe do idioma etc.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Galega da Formación do Profesorado

TÍTULO DO PROXECTO: Designing your youth 2.0

LUGAR DE REALIZACIÓN: Pontevedra

DATA DE REALIZACIÓN: 2/02/15 ao 3/02/16

PAÍSES PARTICIPANTES: Alemaña, España, Finlandia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

Os/as voluntarios/as desenvolverán a súa colaboración na oficina da asociación no centro de Pontevedra e nos lugares onde se realicen as actividades programadas, colaborando en diferentes áreas: procura de subvencións públicas e privadas, comunicación e difusión das actividades, apoio na organización de talleres, reunións e roldas de prensa para promocionar as actividades, apoio na elaboración, desenvolvemento e avaliación de actividades (talleres, concertos, festivais, cursos...) e creación de novos proxectos achegando as súas ideas e coñecementos ás actividades. O noso traballo está dirixido a un público moi amplo: nenos, novos, adultos, persoas con necesidades especiais, etc, co que tamén garantimos o contacto do/da voluntario/a coa diversa comunidade local. A nosa organización ten experiencia en educación formal e non formal, o que garante o proceso de aprendizaxe dos/as voluntarios/as. O desenvolvemento do voluntariado é un traballo en equipo no que haberá distintas fases: organización, formación, participación, seguimento e avaliacións; realizaremos reunións continuas para a planificación e apoio. O voluntariado terá unha duración de 8-12 meses no que poderá desenvolver as súas tarefas en distintos sectores. Os países participantes son: Finlandia, España e Alemaña.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Galega da Formación do Profesorado

TÍTULO DO PROXECTO: Learn Your Future

LUGAR DE REALIZACIÓN: Pontevedra

DATA DE REALIZACIÓN: 1/09/15 ao 1/11/16

PAÍSES PARTICIPANTES: Grecia, Suecia, Austria, Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 5

RESUMO DO PROXECTO:

Este proxecto ten o desexo de acoller a 5 voluntarios/as en Pontevedra que queiran colaborar de forma proactiva, motivada e solidaria nas nosas actividades dirixidas ao ámbito cultural, musical, social, ambiental e educativo. Queremos ofrecerlles a oportunidade de participar nelas integrándoos nas nosas actividades para que desenvolvan as súas habilidades, canalicen as súas inquietanzas e desenvolver as súas competencias dentro do ámbito de dinamización cultural e tempo libre, social e educación non formal.

Queremos potenciar a expresión de compromiso social e sensibilización nos nosos/as mozos/as europeos mediante unha participación activa. A nosa intención é a creación de novas oportunidades de traballo. O voluntariado axuda a mellorar a cantidade e a calidade dos servizos e a desenvolver novos servizos de forma creativa.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Cultural Ing Galicia

TÍTULO DO PROXECTO: Evs Passport to Europe

LUGAR DE REALIZACIÓN: A CORUÑA

DATA DE REALIZACIÓN: 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia, Alemaña, Dinamarca

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 3

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto EVS Passport to Europe é unha proposta dirixida a acoller 3 voluntarios/as europeos para desenvolver un servizo voluntario europeo no Concello da Coruña, colaborando no desenvolvemento e posta en marcha de actividades habituais e puntuais dirixidas aos/as voluntarios/as no ámbito local e nacional que a entidade desenvolve na cidade da Coruña.

O obxectivo común de todos os/as promotores/as do proxecto é o fomento da mobilidade dos mozos e da participación xuvenil en actividades que promovan a eliminación de barreiras discriminatorias e o sentido da cidadanía europea, mellorando a integración cultural dos/as mozos/as.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación LIMISI

TÍTULO DO PROXECTO: A xuventude europea como apoio á discapacidade intelectual

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Limia, Ourense

DATA DE REALIZACIÓN: 1/08/15 ao 1/11/16

PAÍSES PARTICIPANTES: Francia, Alemaña e España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 40

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 50

RESUMO DO PROXECTO:

Creemos que a figura do voluntario/a europeo/a é necesaria e imprescindible para crear novas redes de relacións persoais naturais coas persoas con discapacidade e deste xeito mellorar a súa inclusión na sociedade e por tanto unha mellor calidade de vida. Conséguese unha relación directa con persoas de distintos países de Europa que doutra forma sería imposible. Este proxecto permitirá amosar a estes mozos e mozas a realidade social da nosa comarca, e máis concretamente a situación das persoas con discapacidade intelectual que viven nela. As persoas voluntarias, pola súa parte, ofrecerán distintos puntos de vista para una mesma realidade social.

Os principais obxectivos son:

- Brindar á xuventude a posibilidade de expresar o seu compromiso persoal mediante actividades de voluntariado con persoas con discapacidade.
- Promover a participación en actividades sen fins lucrativos e non remunerada en beneficio da colectividade.
- Facilitar a creación de redes e relacións sociais naturais entre persoas voluntarias e persoas con discapacidade, que sirvan de apoio para conseguir que este colectivo mellore a súa calidade de vida.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Fundación Paideia Galiza

TÍTULO DO PROXECTO: Xuventude e mobilidade

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Coruña

DATA DE REALIZACIÓN: 2015-2016

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 1

RESUMO DO PROXECTO:

Fundación paideia: participación na xestión do servizo voluntario europeo; en tarefas de difusión, información, preparación de documentos, entrevistas con «futuros» voluntarios/as participantes, así como noutros proxectos europeos e de intercambio xuvenil nos que estea a participar a Fundación Paideia. Participación nos proxectos de inserción laboral de colectivos de exclusión social (especialmente persoas con discapacidade), apoio aos técnicos do proxecto, sobre todo en talleres e cursos.

Neste proxecto participou Paola, una moza italiana.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: CEIP Ría do Burgo

TÍTULO DO PROXECTO: Xuventude e mobilidade

LUGAR DE REALIZACIÓN: A Coruña

DATA DE REALIZACIÓN: 2015-2016

PAÍSES PARTICIPANTES: Reino Unido

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 0

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

ANPA do CEIP Ría do Burgo: As actividades nas que colabora o/a voluntario/a son en horario lectivo co profesorado de infantil e primaria (3 a 12 anos), especialmente dando apoio no ensino de idiomas. Entre as súas funcións de apoio: animación de xogos, participación en xogos iniciados polos nenos/as, conversación libre, talleres de teatro, cinema, contacontos, dramatizacións etc... e actividades interculturais como festa de Magosto, Entroido, Letras Galegas, etc.

Neste proxecto participaron Ryan e Tara, dous mozos de Belfast, Irlanda do Norte.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Sustinea

TÍTULO DO PROXECTO: Redes para a sustentabilidade

LUGAR DE REALIZACIÓN: Ourense

DATA DE REALIZACIÓN: 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Italia, Irlanda e Portugal.

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA:

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 3

RESUMO DO PROXECTO:

Redes para a sustentabilidade é un Servizo de voluntariado europeo de 9 meses de duración que agrupa 3 proxectos para a conservación dos recursos naturais e para a promoción da sustentabilidade.

Ourense Vivo: é unha intervención no perímetro natural da cidade de Ourense onde se detectan espazos degradados para informar ás autoridades competentes e onde buscamos a posta en valor dos camiños e dos recursos naturais que rodean á cidade de Ourense.

Un rural para todos/as: é unha horta social que promove a agricultura ecolóxica como recurso sociolaboral para a integración de persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Turismo sustentable: Detectamos recursos turísticos naturais e alternativos para promocionálos e integralos dentro dos circuitos turísticos.



I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1



1.1.2 Servizo voluntario europeo
- Proxecto de envío

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: Conectando o Mediterráneo

LUGAR DE REALIZACIÓN: Portugal e Grecia

DATA DE REALIZACIÓN: 1/10/15 ao 30/06/16

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Portugal e Grecia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 2

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

Lucía Santos e Alberto Queiruga foron seleccionados para participar nun proxecto de servizo voluntario europeo que se desenvolvería simultaneamente en Grecia e Portugal. Trátase de dúas mobilidades diferenciadas co tema común de crear novas oportunidades para mozos e mozas e crear sinerxías entre os tres países mediterráneos participantes. O proxecto de Portugal, onde participa Alberto, durará catro meses e está centrado no ámbito ambiental e o proxecto de Grecia, onde participa Lucía, durará 9 meses e o tema principal é o traballo xuvenil.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: Experience with young people on the street

LUGAR DE REALIZACIÓN: Ljubljana, Eslovenia

DATA DE REALIZACIÓN: 1/09/15 ao 31/07/16

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Eslovenia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 1

RESUMO DO PROXECTO:

Leticia García colaborará cun centro xuvenil da capital eslovena durante 11 meses. O proxecto desenvólvese en diferentes barrios de Ljubljana, os/as voluntarios/as desprázanse nunha caravana chea de xogos e actividades para rapaces/as e unha vez chegan ao barrio comezan a realizar as ditas actividades con todos aqueles rapaces/as que queiran participar. A través deste proxecto inténtase dar unha oportunidade de ocio para os rapaces e rapazas que viven nos barrios da cidade. A voluntaria tamén colabora con outras entidades que traballan coa mocidade na mesma cidade.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: EVS in Villacidro: Growing up together

LUGAR DE REALIZACIÓN: Cerdeña, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: 1/12/15 ao 30/07/16

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Portugal e Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 2

RESUMO DO PROXECTO:

O vigués Mauro Varela participa neste proxecto que se está a desenvolver en Cerdeña (Italia). As súas principais tarefas consisten en crear e participar nas diversas actividades de carácter social e de ocio que se desenvolven nunha pequena vila da illa. Estas actividades van dirixidas a diferentes grupos, desde os/as nenos/as, con actividades no xardín de infancia, ata maiores xa que moitas horas á semana realizáronse nun centro da 3ª idade, pasando pola mocidade, a través do punto de información xuvenil onde Mauro e a outra participante de Portugal promoven o SVE e as actividades de Erasmus+.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: VOYAGE: Volunteering for more Open-minded Youngsters and Aged Generations

LUGAR DE REALIZACIÓN: Trento, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: 1/04/15 ao 31/03/16

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 1

RESUMO DO PROXECTO:

Paula Cruz realiza o seu proxecto na cidade de Trento, no Norte de Italia. O principal obxectivo do proxecto é poñer en contacto xente moza con persoas da terceira idade. É por iso que Paula, xunto con outros/as compañeiros/as do SVE, realiza tarefas de animación e obradoiros nun centro de maiores. Un dos obradoiros máis populares dos que Paula realiza é o de bixutería feito con material fimo. Paula rematou o seu proxecto en marzo tras 12 meses de servizo.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: #ONL1NE #TOLER@NCE

LUGAR DE REALIZACIÓN: Sofía, Bulgaria

DATA DE REALIZACIÓN: 5/10/15 ao 5/03/16

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Bulgaria

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 1

RESUMO DO PROXECTO:

Abel Fernández participa desde principios de outubro neste proxecto que ten por obxectivo concienciar os/as adolescentes das diferentes rexións de Bulgaria sobre o denominado "Hate Speech" ou "Discurso do odio", que engloba todas aquelas accións comunicativas que fomentan ou incitan á discriminación dun grupo de individuos. Este proxecto céntrase especialmente na existencia deste discurso na internet e o risco que existe na mocidade ao verse exposta e ao participar neste tipo de actos de discriminación.

Este proxecto englobase dentro da campaña europea "No Hate", que está a levar a cabo a Comisión Europea para loitar contra o "hate speech", especialmente relevante nun momento tan sensible como o actual, en plena crise dos refuxiados. Un dos artigos que Abel redactou durante o seu SVE chegou a ser publicado no blog oficial da campaña.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Pospolitost pre harmonický život- Community for Life in Harmony

TÍTULO DO PROXECTO: Green Path

LUGAR DE REALIZACIÓN: Eslovaquia

DATA DE CELEBRACIÓN: 6/03/14 ao 3/03/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Eslovaquia e España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA:

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 1

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto desenvolveuse nunha granxa ecolóxica, situada nunha eco-comunidade, no centro de Eslovaquia.

Como voluntaria en Sekier, o meu principal proxecto desde a miña chegada foi traballar nunha gardería forestal desta pequena aldea.

Á parte do traballo no mundo infantil, gran parte do meu proxecto foi traballar en todas as actividades relacionadas coa granxa na que vivín. Durante un ano fun unha granxeira en Eslovaquia. Cada día o coidado dos animais, os hortos, e todo o demais estivo a cargo dos voluntarios e voluntarias.

Tamén participei en numerosos talleres de fabricación de fruta tradicional eslovaca, de cerámica, para aprender a técnica batik, de fabricación de canastos de vimbio, de construción de tellado de colmo, de diferentes técnicas de tecer, seminario sobre permacultura, taller educativo sobre plantas e flores salvaxes comestibles, de fabricación de xabóns artesanais e aprendizaxe para traballar a pedra e construción de muros de pedra, etc.

Gozar desta experiencia fíxome crecer como persoa, ademais de ensinarme como vivir apartada dos valores que guían as nosas sociedades de hoxe en día; como vivir de forma simple e como gozar da simplicidade das cousas.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Good Energies Alliance Ireland (GEAI) - Amigos da Terra

TÍTULO DO PROXECTO: Good Energies

LUGAR DE REALIZACIÓN: Ballinaglera, Co Leitrim, Irlanda

DATA DE REALIZACIÓN: 1/09/14 ao 31/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Irlanda, España, Romanía, Ucraína

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 3

RESUMO DO PROXECTO:

“Good Energies” reuniu as habilidades de tres voluntarios/as para fortalecer a loita contra o *fracking* no oeste de Irlanda e axudou a promover as cooperativas de enerxías renovables como unha alternativa ao declive das comunidades rurais do país. O proxecto deuse no contexto dunha Irlanda que loita por saír da crise e debate o seu rol na loita mundial contra o cambio climático. Asemade, a proximidade da zona onde se desenvolve o proxecto permite coñecer de primeira man a realidade deste conflito latente e como as tensións que aínda persisten, interactúan co traballo do proxecto. “Good Energies” tamén permitiu aos tres voluntarios involucrarse na vida dunha comunidade rural irlandesa e participar en diversos eventos culturais e sociais. Entre estes eventos cabería destacar a National Ploughing Championship (Competición Nacional de Arado), o desfile de Halloween en Derry ou o de San Patricio en Dublín. Cada un/unha dos/as voluntarios/as achegou unha habilidade distinta: a investigación, o deseño gráfico e o xornalismo.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Hang-Kép Kulturális Egyesület (Sound-Picture Cultural Association) / ETL Don Bosco

TÍTULO DO PROXECTO: Communitation skills and training

LUGAR DE REALIZACIÓN: Debrecen, Hungría

DATA DE REALIZACIÓN: 1/03/15 ao 28/02/16

PAÍSES PARTICIPANTES: Hungría, Alemaña, Italia, Romanía, España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 5

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto consistiu en realizar diferentes materiais audiovisuais e fotográficos, desde a gravación e toma de fotos ata a posterior edición do material recollido. Tamén en menor medida desenvolvéronse tarefas con software de animación e deseño gráfico.

As temáticas eran diversas, segundo se tratase da promoción de proxectos xuvenís, culturais, etc, e eses materiais eran difundidos, a posteriori, a través das redes sociais. Neste sentido, tamén se realizaron tarefas de xestión das redes sociais e marketing dixital.

Tamén se participou en programas formativos en temática de comunicación para estudantes e traballadores/as xuvenís (cursos de falar en público, creación de equipo, fotografía, medios de comunicación e relacións públicas, redes sociais, etc.) e en accións de promoción do programa Erasmus+ e o voluntariado en si mesmo.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Casa Pia De Lisboa - Centro De Educaçao / ETL Don Bosco

TÍTULO DO PROXECTO: Volunteers Change Lives

LUGAR DE REALIZACIÓN: Lisboa, Portugal

DATA DE REALIZACIÓN: 1/10/14 ao 31/07/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Portugal, España, Italia, Francia, Polonia, Turquía, Alemaña, Bulgaria, Indonesia, Togo, Cabo Verde, Angola.

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 2

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: máis de 30

RESUMO DO PROXECTO:

O meu proxecto de voluntariado desenvólvese na etapa de educación infantil dun colexio de Casa Pia con nenos/as en risco de exclusión social en Lisboa. A miña tarefa era de apoio a unha das profesoras con nenos/as de 5 a 6 anos, axudándoa coas actividades destes no seu día a día. O meu horario era de luns a venres das 9:00 horas ás 15:30 horas.

Pola mañá axudaba a profesora coas rutinas diarias e actividades: asemblea, traballos, manuais, acompañamento nas actividades ou proposta de outras novas elaboradas por min. Logo ao mediodía, axudaba no comedor coas comidas e o aseo. Despois das sestras, estaba dúas horas máis cos/as nenos/as, axudándolles coas súas actividades ou simplemente facéndolles compañía.

Á parte destas tarefas diarias tamén tiña formacións ou actividades directamente ligadas co voluntariado, para promovelos en espazo como a universidade ou na radio.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Suncokret - Centre for Community Development / ETL Don Bosco

TÍTULO DO PROXECTO: Suncokret's Educational Community Centre

LUGAR DE REALIZACIÓN: Vrginmost / Gvozd, Croacia

DATA DE REALIZACIÓN: 1/02/14 ao 31/01/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Italia e Finlandia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 3

RESUMO DO PROXECTO:

Suncokret promove o acceso a oportunidades educacionais e informativas, o voluntariado a nivel local e internacional e a inclusión e participación social. Os obxectivos do proxecto son aumentar o coñecemento e a información sobre voluntariado e promover a diversidade cultural e a cidadanía europea. Os/as voluntarios/as traballan con nenos/as e mozos/as da comunidade no centro, realizando diversas actividades baseadas na aprendizaxe non formal tales como talleres de manualidades, clases de idiomas, apoio escolar, actividades deportivas, xogos, sesións educacionais sobre tolerancia, clases de guitarra etc. Os/as voluntarios/as ademais de realizar todas esas actividades no centro, participan nas iniciativas locais de voluntariado promovendo o servizo de voluntariado europeo, coordinan e participan nos campamentos de verán con voluntarios/as internacionais, actuación nos programas deportivos, educacionais, artísticos e creativos, contribuíndo con artigos na revista local, desenvolvemento e mantemento de páxinas web, colaboración en actividades de recadación de fondos, participación en tarefas administrativas e de oficina e creación de proxectos persoais co apoio do centro. Ademais diso, os/as voluntarios/as participan nos proxectos ambientais levados a cabo na organización, aprendendo nocións de permacultura, bio-construcións, enerxías renovables e reciclaxe.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: i-PEICC / o. envío: ETL Don Bosco

TÍTULO DO PROXECTO: Coup d'envoi

LUGAR DE REALIZACIÓN: Montpellier- Nîmes

DATA DE REALIZACIÓN: 05/01/15 ao 05/07/15

PAÍSES PARTICIPANTES: 6

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 9

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto estaba organizado pola Asociación i-PEICC People et Culture que ten sede na cidade de Montpellier.

Fixemos un proxecto relacionado con actividades deportivas entre todos. Participantes de varios países achegáronse á rexión en xuño para levar a cabo as actividades que fomos preparando e ese foi o proxecto conxunto dos 6 voluntarios europeos mais os tres franceses que estaban a facer o "service civique".

A asociación na que pasei gran parte da miña estancia, por non dicir toda, foi unha asociación con sede na cidade de Nîmes coñecida co nome de Da Storm. Esta asociación cultural promove a cultura Hip-Hop da rexión.

Algunhas das actividades que fixen con Da Storm foi a organización dunha batalla de *breakdance* (Battle Le Vigan), porme en contacto con organizacións de España e Polonia (a miña compañeira era polaca) para facer un intercambio (o derradeiro ano xa fixeran un intercambio con varios países europeos). Ademais axudaba con pequenas cousas como facer o quecemento cos/as nenos/as antes da clase de baile, escribir pequenos artigos de como foi o evento (batallas de baile) para subilo na páxina da asociación.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Socioeducativa Educere

TÍTULO DO PROXECTO: Northern Lights

LUGAR DE REALIZACIÓN: Kokkola, Finlandia

DATA DE REALIZACIÓN: 4/11/15 ao 5/12/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Austria, Turquía, Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 3

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 12

RESUMO DO PROXECTO:

Northern Lights é un proxecto de SVE de curta duración, desenvolvido en Finlandia, cuxo principal obxectivo foi o de proporcionar aos/ás mozos/as con menos oportunidades, habilidades e experiencias de utilidade para a súa vida futura.

Os/as participantes recibiron durante a primeira semana do servizo voluntario a formación de chegada e, durante as tres seguintes, traballaron con nenos/as na escola natural de Villa Elba.

Por outra banda, co obxecto de facer deste centro un lugar máis accesible, os/as participantes colaboraron na construción dun camiño de madeira, entre outro tipo de tarefas como preparar o centro para o Nadal ou organizar eventos para as familias.

Ademais, os rapaces/as visitaron algúns dos centros xuvenís finlandeses e participaron nalgunhas actividades de lecer, relacionadas coa música, o deporte, a cultura, entre outros.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asoc Galega da Formación do Profesorado/Solidarity Tracks Organisation-Lefkas-Grecia

TÍTULO DO PROXECTO: New Values for a Better Future

DATA DE REALIZACIÓN: 1/11/14 ao 1/11/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Grecia, Romania

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 4

RESUMO DO PROXECTO:

Solidarity Tracks quere acoller 2 mozos en Lefkas co fin de continuar a animación xunto cos/coas mozos/as Laranxa Radio-Net de radio e laranxa para os/as nenos/as, canles que transmiten as súas voces, fomentan a súa creatividade e expresión, desenvollen as súas actitudes cívicas e contribúen ao desenvolvemento da súa cidade.

Os voluntarios van cooperar cos nosos membros e con varios/as socios locais da nosa organización e as institucións, os medios de comunicación, asociacións culturais e a poboación local para animar e para administrar este medio de comunicación.

Esta radio permitirá aos/ás mozos/as e nenos/as a difundir a súa voz e desenvolver as súas habilidades de comunicación, creatividade e expresión así como desenvolver actitudes da cidadanía activa.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Galega da Formación do Profesorado/Comune di Tramatzza

TÍTULO DO PROXECTO: Intergeneracionalmente Europeo

LUGAR DE REALIZACIÓN: Tramatzza, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: 1/09/15 ao 31/03/16

PAÍSES PARTICIPANTES: Inglaterra, España, Italia, Francia.

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 1

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 4

RESUMO DO PROXECTO:

No Municipio de Tramatzza, a voluntaria será temporalmente un membro do equipo que nos dará apoio no noso traballo. Asistiranos no noso labor social, fará seus os nosos proxectos, achegando os seus talentos e coñecementos nas actividades nas que participe. O/a voluntario/a, se é posible atenderá os obradoiros para mellorar e achegar novas ideas. As actividades do/a voluntario/a poden resumirse:

Con maiores: apoiar os nosos maiores, acompañamento ao médico, de compras, conversación, etc.

Con nenos: o voluntariado dará apoio aos/ás nenos/as nas tarefas, actividades e xogos.

Eventos: o voluntariado participará nas actividades públicas realizadas na biblioteca en rutas guiadas, reunións con escritores, presentacións de libros, exhibicións fotográficas, encontros literarios, etc. Os/as voluntarios/as farán talleres do seu país e cultura para a xente local.



I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1



1.1.3 Mobilidade de traballadores no
ámbito da xuventude
- Proxecto de acollida

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Concello de Curtis

TÍTULO DO PROXECTO: Abrindo horizontes a través do traballo en rede & TIC'S

LUGAR DE REALIZACIÓN: Curtis

DATA DE REALIZACIÓN: 16-21/12/2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Grecia, Hungría, Italia, Lituania, Bulgaria, Malta, Portugal, Eslovaquia, Polonia e España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 36

RESUMO DO PROXECTO:

Widening horizons through European Networking & ITC foi un proxecto dos denominados *contact-making event* nos que a través dunha aprendizaxe de carácter non formal, proporcionou un espazo para o coñecemento de novos socios europeos, con experiencia en programas de mobilidade e con interese en desenvolver no período 2014-2020 novas actividades para a xuventude.

O proxecto reuniu a responsables de proxectos europeos co obxectivo de achegar experiencias, coñecer metodoloxías de traballo, explorar posibilidades de participación ou estudar boas e malas prácticas na implementación de actividades transnacionais e tamén conseguir crear proxectos de máis temáticas, calidade e mellores resultados e difusión do programa, así como a creación dunha rede europea de partenariado.

Para conseguir estes obxectivos realizáronse as seguintes actividades: *peer to peer*, contactos entre organizacións locais-comarcais-rexionais, encontros con responsables políticos, presentacións e exposicións dos resultados obtidos.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Asociación Xuvenil MUXEMA

TÍTULO DO PROXECTO: Sharpen Your Skills, Brighten Your Career!

LUGAR DE REALIZACIÓN: Negreira - Santiago

DATA DE REALIZACIÓN: 14-19/04/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Rusia, Xeorxia, Azerbaián, Ucraña, Moldavia, Armenia, Turquía, Italia, Estonia, Francia, España, Portugal, Reino Unido

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 32

RESUMO DO PROXECTO:

O curso de formación pivotou arredor da adquisición de coñecementos teórico-prácticos sobre as coñecidas como habilidades brandas. Concretamente traballáronse as seguintes:

-Habilidades comunicativas: TICs e redes sociais, discurso/oratoria/intervención, expresividade, empatía ou improvisación.

-Habilidades directivas: planificación estratéxica, pensamento crítico, capacidade de síntese e análise, coordinación o monitorización.

-Habilidades de *branding*: creatividade, mensaxe, motivación, imaxe, habilidades computacionais.

-Habilidades de liderado: traballo en equipo, división de tarefas e priorización, intelixencia emocional e toma de decisións, resolución de conflitos ou autocontrol.

A metodoloxía foi eminentemente de carácter non formal e informal e buscou a motivación e o interese da mocidade a través da transmisión de coñecementos por parte dun grupo de formadores.

PROXECTO DE ACOLLIDA



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Sende

TÍTULO DO PROXECTO: Peace is

LUGAR DE REALIZACIÓN: Senderiz, Lobeira

DATA DE REALIZACIÓN: 27/09/15 ao 4/10/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Turquía, Hungría, Bielorrusia, Xeorxia, Serbia, Armenia, Reino Unido, Grecia, Federación Rusa, Italia, Polonia, Ucraína, Bosnia Herzegovina, Francia, Macedonia, Azeirbaixán, España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 2

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 36

RESUMO DO PROXECTO:

«Peace is...» forma sobre aspectos relacionados coa paz e a non violencia. Foi un proxecto internacional que reuniu a traballadores/as xuvenís de 17 comunidades afectadas por conflitos en toda Europa. 36 mozos/as activistas reuníronse para explorar o concepto de cultura de paz e aprender as técnicas da non violencia.

I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.1 Acción Clave 1



1.1.3 Mobilidade de traballadores no
ámbito da xuventude
- Proxecto de envío

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Pásztói Életesély Alapítvány

TÍTULO DO PROXECTO: "Access to Mobility Access to Employment"

LUGAR DE REALIZACIÓN: Pásztó, Hungría

DATA DE REALIZACIÓN: 12-17/01/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Hungría, Italia, España, Portugal, Polonia, Romanía, Francia, Reino Unido

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 6

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 33

RESUMO DO PROXECTO:

O seu tema principal foi o mercado de traballo e as habilidades dos/as mozos/as para tratar o grave problema de desemprego xuvenil en Europa. Durante o seminario, os participantes exploraron a cuestión dos impactos dos programas de mobilidade de mozos e mozas da UE na capacitación da xuventude para ter éxito no mercado de traballo.

Como unha morea de empregadores están buscando empregados/as que son capaces de traballar nos contornos internacionais e facer fronte ás diferencias culturais, o proxecto trataba sobre as competencias clave necesarias para a empregabilidade.

Os obxectivos do proxecto son: promover a cooperación europea no ámbito da xuventude, dirixir a atención do público ás necesidades da mocidade, facer que os/as lexisladores/as tomen conciencia da importancia de potenciar os/as mozos/as así como facer que estes/as sexan conscientes das oportunidades que lles ofrece a educación non formal.

PROXECTO DE ENVÍO



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO: East and West against youth unemployment - Este e Oeste contra o paro xuvenil.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Vratsa, Bulgaria

DATA DE REALIZACIÓN: 1-9/06/15

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Portugal, Turquía, Italia, Armenia, Rusia, Acerbaixán, Xeorxia, Moldavia, Reino Unido e Bulgaria

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 4

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 33

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto Este e Oeste contra o paro xuvenil consistiu nun seminario que tivo lugar en Vratsa, Bulgaria do 1 ao 9 de xuño de 2015. O seminario tivo a finalidade de involucrar á mocidade, técnicos de xuventude, responsables políticos, organismos públicos e outros representantes con responsabilidades e intereses neste tema de 11 países distintos, procedentes de Bulgaria, España, Italia, Portugal, Reino Unido, Turquía, Acerbaixán, Xeorxia, Armenia, Moldavia e Rusia, onde se intercambiaron boas prácticas, experiencias e metodoloxías.

PROXECTO DE ENVÍO

ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Sant´Alessio Siculo Municipality

TÍTULO DO PROXECTO: Youth Violence Behaviors - 2.0 Threat

LUGAR DE REALIZACIÓN: Comuna de Sant´Alessio Siculo. Mesina. Sicilia. Italia

DATA DE REALIZACIÓN: 10-16/09/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Reino Unido, Hungría, España, Lituania, Bulgaria, Romanía, Eslovaquia, Portugal, Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 2

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 20

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto titulado "A violencia en novos Comportamentos - 2.0 threat", promovidas polo Municipality de Sant´Alessio Siculo (ME), é un proxecto combinado, composto por unha visita de estudo e un intercambio de mozos baixo a KA1 - Países Programa.

O proxecto, inspirado na idea principal de respecto á diversidade e a sensación da tolerancia, a prevención da violencia e o uso consciente das novas tecnoloxías e as redes sociais, contra a discriminación e a inclusión social, expón aos/as mozos/as as novas formas de violencia coñecido como o acoso cibernético, sexting e as ameazas en liña. O obxectivo principal do proxecto é promover unha cultura "segura" da rede: as boas prácticas difúndense amplamente e para axudar os nenos e nenas a aumentar a súa sensación de benestar, previr o comportamento antisocial e reducir a discriminación, a exclusión e a marxinação.

A través do uso dunha metodoloxía non formal, leváronse a cabo actividades para que os/as traballadores/as xuvenís, adestradores/as, dirixentes xuvenís que traballan cos/as mozos/as para o deseño do proxecto realízanse dous produtos finais, unha caixa de ferramentas en formato dixital contra a violencia e un cómic interactivo. Estes materiais presentaranse nas escolas e servirán de difusión do material e de seguimento dos resultados do proxecto.

PROXECTO DE ENVÍO

ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Villafranca Giovane

TÍTULO DO PROXECTO: "Less digital, more talk!"

LUGAR DE REALIZACIÓN: Villafranca Tirrena-Mesina, Sicilia, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: 2-8/12/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Estonia, Romanía, Portugal, Lituania, España, Hungría, Eslovaquia, Polonia, Bulgaria, Noruega

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 3

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 36

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto titulado "Less Digital, More Takk!", promovido pola Asociación Giovane Villafranca é unha visita de estudo do programa Erasmus +, acción, KA1 - Países do Programa.

As actividades do proxecto leváronse a cabo no municipio de Villafranca Tirrena (Italia) e programáronse durante 5 días. Cada país estivo representado por 3 persoas, un total de 36 participantes, traballando activamente cos/as mozos/as, ofrecéndolles a oportunidade de participar en actividades e obradoiros nos que poden mellorar as súas habilidades e coñecemento de temática xuvenil a nivel europeo e para experimentar e probar novas metodoloxías non formais.

O proxecto, estivo inspirado na idea principal do uso consciente das novas tecnoloxías e as redes sociais, a inclusión social e a marxinación debido ao grande uso dos medios sociais, que expoñen os/as mozos/as ás novas formas de soidade. O obxectivo principal do proxecto foi promover unha verdadeira forma de comunicarse: as boas prácticas son amplamente difundidas para axudar os/as mozos/as a aumentar a súa sensación de benestar, a prevención do comportamento antisocial e reducir a discriminación a exclusión a marxinación. O proxecto ten como obxectivo aumentar o coñecemento e a capacidade para protexer os/as mozos/as cando se utiliza a internet e en particular as redes sociais mesmo, a través das tecnoloxías móbiles.

PROXECTO DE ENVÍO

ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Comuna Niza de Sicilia

TÍTULO DO PROXECTO: "Happy UE Project"

LUGAR DE REALIZACIÓN: Comuna de Niza de Sicilia, Mesina, Sicilia (Italia)

DATA DE REALIZACIÓN: 27/05/15 ao 1/06/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Lituania, Estonia, República Checa, Hungría, España, Eslovaquia, Portugal, Polonia, Bulgaria, Romanía e Italia.

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 4

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 39

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto titulado "Como traballar xuntos para promover o emprego dos mozos en Europa Happy-UE," encádrase no programa Erasmus +, acción, KA1 mobilidade dos traballadores, Visita de estudo.

A Visita de estudo, que tivo lugar en Nizza de Sicilia (Italia) durante 6 días reuniu a 39 participantes, procedentes de 14 diferentes organizacións europeas de 11 países do programa.

O tema principal centrouse no desemprego xuvenil, as necesidades do mercado de traballo europeo e o problema do desemprego xuvenil non só en Italia, senón tamén noutros países europeos que participaron no proxecto. O obxectivo foi desenvolver habilidades e competencias con líderes xuvenís e mozos/as e traballadores/as que discutiron, compararon e intercambiaron as mellores prácticas co fin de axudar aos/as mozos/as para mellorar a súa situación, e construír os seus plans de estudo persoal. Axudou a contribuír ao desenvolvemento do seu valor na toma de iniciativa e o seu espírito empresarial a nivel local, rexional e europeo e quere dar aos/as mozos/as a oportunidade de participar activamente nos temas que lles afectan.

O proxecto abordouse a través dunha metodoloxía de traballo non formal, na que o diálogo estruturado dará un impulso ao emprego, e á mobilidade dos/as mozos/as no mercado laboral na UE. Os/as traballadores/as da mocidade, adestradores/as e líderes xuvenís discutiron sobre a situación económica e o seu impacto na política de mocidade a nivel local, rexional e europeo.

PROXECTO DE ENVÍO

ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Municipality of Vermiglio.

TÍTULO DO PROXECTO: "Cyberbullying let's Talk"

LUGAR DE REALIZACIÓN: Vermiglio-Trento (Italia)

DATA DE REALIZACIÓN: 12-18/06/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia, España, Hungría, Portugal, Bulgaria, Xeorxia, Armenia, Turquía.

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 4

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 22

RESUMO DO PROXECTO:

Técnicos de varios países europeos, nun espazo de encontro en Trento departimos de "Cyberbullying let's Talk". Os estilos de ocio e de lecer nesta sociedade tan global, cada vez máis dixital e interconectada, que oferta inmensas vantaxes co bo uso... pero pola contra ten que asumir os retos que teñen que ver coa privacidade, convivencia e a existencia doutra forma de violencia "a dixital", acoso nas máis variadas manifestacións. Xorde a preocupación e é necesario implementar estratexias educativas de formación, estar vixiantes para que a xuventude, nestes intres de grandes cambios a nivel endóxeno e esóxeno: costumes, valores, percepcións etc, nos leve ao compromiso de estudar como facer uso das ferramentas dispoñibles ao noso alcance e temos que ser "quén de facer", estar no debate achegando solucións, queixarnos menos e actuar máis! que se sintan protexidos deste problema que nos rodea cun obxectivo común e específico, de cara á prevención.

A posta en común de valores, con profesionais que traballamos partindo desde eidos diferentes, contribúe a potenciar o dinamismo investigador, así como a abrir outras canles de coñecemento baseadas nas experiencias doutras actuacións concretas trasladables aos nosos contornos.

Informar e sensibilizar partindo de modelos de aprendizaxe colaborativos para previr, detectar e intervenir no menor tempo posible. Isto importa moito!

Unhas xornadas de intercambio e aprendizaxe inesquecible de convivencia e boas prácticas entre todos/as os/as participantes.



I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.2 Acción Clave 2



1.2.1 Asociaciones estratégicas

ASOCIACIONES ESTRATÉGICAS



ENTIDADE / ASOCIACIÓN: Emaús Fundación Social

TÍTULO DO PROXECTO: WeeeLabs: Building a network of employment opportunities for youth at risk of exclusion

LUGAR DE REALIZACIÓN: Vigo

DATA DE REALIZACIÓN: Setembro 2015-febreiro 2017

PAÍSES PARTICIPANTES: Portugal, Grecia, Italia e España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 4

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 10

RESUMO DO PROXECTO:

O Proxecto Weeelabs trátase dunha asociación estratéxica entre organizacións europeas con experiencia no ámbito social e de xestión e reutilización de residuos co obxectivo de explorar oportunidades de empregabilidade para a mocidade en situación ou grave risco de exclusión social a través da oportunidade de recuperación e reciclaxe de aparatos eléctricos e electrónicos.

Para facilitar a inclusión social así como a incorporación ao mercado laboral destes/as mozos/as, o proxecto WeeeLabs ten identificada unha oportunidade na recuperación e reciclaxe de aparatos electrónicos e eléctricos en liña coa Directiva 2012/19/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 4 de xullo de 2012 sobre Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE). Entre os resultados esperados do proxecto espérase acadar como resultados intelectuais un "Estudo sobre a Reutilización de Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos como nicho de mercado para a creación de empresas sociais" unha "Guía didáctica para facilitadores/as de programas de capacitación no manexo e reutilización de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos" e un "Manual de boas prácticas para a xestión e implementación de FabLabs orientados á reutilización de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

I. ERASMUS + XUVENTUDE EN ACCIÓN

1.3 Acción Clave 3



1.3.1 Diálogo estruturado

DIÁLOGO ESTRUTURADO



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Asociación xuvenil, cultural, recreativa Ser

TÍTULO DO PROXECTO: Re-visión da participación

LUGAR DE REALIZACIÓN: Santiago de Compostela

DATA DE REALIZACIÓN: 3-10/11/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Letonia, Italia, Portugal, Grecia, Hungría e España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 38

RESUMO DO PROXECTO:

Re-visión da participación foi un proxecto de mobilidade xuvenil que contou coa participación de seis organizacións e entidades públicas de Portugal, Hungría, Letonia, Italia, Grecia e España. O proxecto celebrou a súa actividade principal na Comunidade Autónoma de Galicia e reuniu a 38 mozos e mozas e a 8 responsables da toma de decisións que competen á xuventude. Durante 6 días, os participantes tiveron a oportunidade de pór en práctica os principios do diálogo estruturado a través da materialización de encontros con responsables políticos de carácter autonómico, provincial e local.

A metodoloxía de traballo utilizou a educación non formal, obradoiros en grupos reducidos dirixidos por facilitadores, encontros tipo café-fórum, mesas redondas con líderes de xuventude así como outras actividades que permitan reflexionar e valorar sobre a aprendizaxe adquirida. O proxecto pretendeu despertar o interese entre os responsables políticos polas novas tecnoloxías, comprender a importancia da participación nas redes sociais e diminuír a distancia entre os/as mozos/as e a clase política.

II. ERASMUS + EDUCACIÓN

Digal



DIGAL



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO: Dinamizando Galicia-Digal

LUGAR DE REALIZACIÓN: Arezzo, Burdeos, Braga, Cork, Praga

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro-decembro 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia, Francia, Portugal, Irlanda, República Checa

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 30

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 30

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto Digal é un proxecto de mobilidade enmarcado no programa Erasmus+ que ten como destinatarios mozas e mozos de entre 18 e 30 anos que realizaron cursos de capacitación, accións formativas e ciclos medios nos centros de formación da Consellería de Medio Rural, da Consellería de Política Social e nos IES Monte Castelo de Burela, IES A Pinguela de Monforte de Lemos, IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela e no Centro de Estudos Gastronómicos San Francisco Javier da Coruña.

O obxectivo principal deste proxecto é facilitar a inserción laboral da mocidade proporcionando a posibilidade de coñecer o mercado de traballo, adquirir experiencia laboral, poder desenvolver capacidades de autonomía e independencia e ao mesmo tempo poder mellorar as habilidades lingüísticas e comunicativas nun idioma distinto ao materno.

A actividade consiste en realizar prácticas laborais non remuneradas durante 60 días nunha empresa estranxeira axeitada ao perfil profesional da persoa participante. A persoa que resulte beneficiaria da mobilidade terá cubertos todos os gastos da estancia: viaxes de ida e volta a custo real ata un máximo segundo o país elixido, aloxamento e manutención, actividades de apoio lingüístico/cultural no país de destino e apoio permanente durante a estancia. Ao regreso recibirá acreditación da experiencia laboral do período que será válida en todo o territorio nacional e europeo.

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Galeuropa



GALEUROPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Centro Xuvenil Abertal

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuropa 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: Trento, Turín, Sofía e Kalamata

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro e novembro de 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Italia, Bulgaria e Grecia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 5

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 5

RESUMO DO PROXECTO:

Bárbara Ribeiro e Marta Riobóo tiveron a oportunidade de participar nunhas prácticas profesionais durante dous meses no eido do traballo social. A súa principal tarefa foi o apoio a educadores/as e traballadores/as sociais en actividades de apoio escolar e de ocio do centro La Strada, na cidade de Bolzano no Norte de Italia.

Judit Rey realizou a súa estadia de dous meses coas prácticas Galeuropa en Sofía, Bulgaria. Alí colaborou coas diferentes actividades que desenvolve a organización, especialmente formativas e dirixidos a mozos e mozas en risco de exclusión en Bulgaria. Tamén colaborou cunha serie de formacións que se levaron a cabo en diferentes escolas do país para previr e concienciar sobre o "Hate Speech" (discursos discriminatorios contra minorías), dentro da campaña que está a desenvolver na actualidade a Comisión Europea. Judit tivo tamén a oportunidade de colaborar con actividades de ocio nun campamento de refuxiados localizado preto de Sofía.

Marta Salanova, durante a súa estadia de dous meses en Torino co programa Galeuropa, colaborou coa entidade Stranaidea. Esta entidade traballa en diferentes áreas no campo do traballo social pero as prácticas de Marta centráronse no apoio aos diferentes programas europeos nos que participa a organización. Unha das principais tarefas de Marta foi colaborar coa organización dun curso de formación internacional que se levou a cabo na entidade en novembro.

Miguel Ángel Eiroa tivo a oportunidade de realizar as súas prácticas co programa Galeuropa no Centro Xuvenil KANE de Kalamata. Nesta entidade, Miguel Ángel colaborou cos diferentes eventos e actividades que se desenvolveron ao longo deses meses, ademais tivo a oportunidade de convivir e traballar co equipo multicultural que conforma a organización de acollida.

GALEUROPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Asociación Universitaria Educación Social e Sociedade (AUCE)

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuropa Lisboa 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: Lisboa

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro-novembro 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 10

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 10

RESUMO DO PROXECTO:

Mobilidade de dez mozos/as galegos/as, pertencentes ao ámbito socioeducativo, en Lisboa durante os meses de outubro e novembro de 2015. Durante os dous meses realizaron prácticas formativas en entidades acordadas ao seu perfil e intereses previos e recibiron formación lingüística a través de métodos activos e adaptados ás súas necesidades. Así mesmo, realizaron tres seminarios para acompañar todo o proceso: un seminario de preparación, que permitiu o achegamento á realidade sociocultural da cidade, ao contexto socioprofesional e ás expectativas e medos de cada mozo/a; un seminario de avaliación intermedia, para o balance persoal e profesional da experiencia de mobilidade e as posibles melloras a realizar; e un seminario final de inserción laboral e oportunidades europeas, no cal se informou e preparou os/as mozos/as para orientar os seus proxectos de futuro.

Unha das prioridades da xestión foi unha atención personalizada e acompañamento continuo para o cal tiveron á súa disposición a dúas mentoras, unha en Galicia (AUCE) e outra en Lisboa (Clube Intercultural Europeu). Esta última, facilitou a súa inmersión sociocultural a través da participación en actividades realizadas coa comunidade local. O proxecto cubriu todos os seus gastos de viaxe, transportes, aloxamento e manutención.

GALEUOPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Concello de Camariñas

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuropa, proxecto de mobilidade transnacional xuvenil - Costa da Morte

LUGAR DE REALIZACIÓN: Londres e São João da Madeira, Portugal

DATA DE REALIZACIÓN: 28/09/15 ao 27/11/15

PAÍSES PARTICIPANTES: R. Unido /Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 10

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 10

RESUMO DO PROXECTO:

Dez mozos da Costa da Morte desenvolveron as súas prácticas laborais dentro do programa Galeuropa promovido polos concellos de Camariñas, Carnota, Dumbría, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. As persoas participantes, 8 en Londres e 2 en São João da Madeira, realizaron as prácticas laborais non remuneradas de máis de 150 horas/mes en empresas vinculadas á súa formación académica e experiencia laboral. Durante dous meses reforzaron as súas competencias profesionais e lingüísticas, incrementando as súas posibilidades de inserción laboral e o coñecemento do inglés ou do portugués. Os/as participantes tiñan entre 22 e 24 anos e unha formación entre o Ciclo Medio de FP ata o Grao ou Mestrado Universitario.

En Londres fixeron prácticas como enxeñeiro nun laboratorio de probas de material deportivo, enxeñería de construción de obra pública, deseñadora nunha revista on-line, técnica de relacións humanas nunha empresa de selección de persoal, asistente nunha compañía de publicidade on-line e educadora infantil nunha granxa escola. O aloxamento foi por parellas en vivendas familiares no barrio universitario de Greenwich, o que permitiu a convivencia, a práctica do inglés e o coñecemento da diversidade cultural da capital británica.

As dúas estudantes en São João da Madeira, cidade situada na área metropolitana de Porto elixida en 2011 como a mellor para vivir en Portugal, aloxáronse nun hotel. Unha realizou a súa práctica nunha escola infantil e unha biblioteca pública e outra na administración dunha Junta de Feligresía.

As persoas participantes que recibiron orientación e formación durante as prácticas, quedaron moi satisfeitas da experiencia laboral e persoal adquirida, da atención recibida e do programa Galeuropa. Dúas persoas quedaron traballando en Londres, unha delas na empresa na que realizou a práctica.

GALEUROPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Concello de Negreira

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuropa 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: Greenwich (R. Unido) e Porto (Portugal)

DATA DE REALIZACIÓN: Setembro, outubro e novembro de 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Reino Unido e Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 4

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 7

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto consistiu na estancia durante 2 meses de 4 rapaces/zas menores de 25 anos facendo prácticas laborais non remuneradas en empresas da Unión Europea. Neste caso, os/as participantes dispoñían da experiencia e formación para asistir e poder realizar este tipo de programas xa que tamén cumprían os requisitos esixidos na orde de Galeuropa 2015 como beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil.

O programa foi moito mellor que as expectativas que tiñamos nun principio xa que ao ser un programa descoñecido sempre se ten a dúbida se realmente será positivo e operativo para a mocidade que participa e cabe destacar que o 100% das persoas participantes neste concello e nos concellos limítrofes leváronse unha inmejorable experiencia.

Os mozos e as mozas derivados do Concello de Negreira fixeron practicas profesionais en:

- Porto (Portugal); 2 rapaces/as que estudaron hostalería fixeron prácticas de cociña e como camareiros no solar "moinho do vento".
- Greenwich (Reino Unido); unha moza fixo as prácticas en London Mutual Credit Uznion (formerly known as the southwark credit union) e outro mozo en bhf-furniture & electrical store lewisham.

Todos e todas quedaron moi satisfeitos coa mobilidade realizada e con ganas de repetir a oportunidade.

GALEUOPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Concellería de Xuventude - Concello de Ourense

TÍTULO DO PROXECTO: Programa de mobilidade transnacional xuvenil - Galeuropa

LUGAR DE REALIZACIÓN: Reino Unido, Londres

DATA DE REALIZACIÓN: 4/10/15 ao 28/11/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Reino Unido, Londres

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 9

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 9

RESUMO DO PROXECTO:

A prioridade principal da Concellería de Xuventude é a de apoiar a formación da mocidade mediante a mellora dos seus recursos para incorporarse ao mercado de traballo, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificación, de xeito que poidan constatar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do currículo vital. Con estas mobilidades téntase dotar a comunidade de profesionais de coñecementos máis xerais, e non só das habilidades propiamente da súa titulación: perséguese que coñezan o funcionamento do mundo empresarial internacional e á súa vez con dominio de idiomas estranxeiros, neste caso o inglés.

Durante a estada de 8 semanas as/os mozas/os adquiriron novas capacidades e habilidades, desenvolvéronse e coñeceron o funcionamento do mundo empresarial internacional feito que contribuirá á mellora da súa formación, ao mesmo tempo melloraron as súas competencias lingüísticas e enriquecéronse doutras culturas.

A experiencia foi moi enriquecedora tanto a nivel profesional e académico como persoal, dotando aos/ás participantes dunha maior cualificación e preparación para a súa incorporación ao mercado laboral dotando a súa vez de recursos humanos de calidade ao tecido empresarial galego.

Desde a Concellería de Xuventude motivamos aos mozos/as de maneira que alcancen e asimilen unha nova visión mellorando a súa vida persoal e profesional ademais de adquirir aptitudes máis xerais, e non só das habilidades propias da súa titulación.

GALEUROPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO: Mobilidade Transnacional Xuvenil. Galeuropa 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: 31 países de Europa.

DATA DE REALIZACIÓN: 22/08/15 ao 30/11/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Alemaña, Bélxica, Bulgaria, Croacia, Grecia, Irlanda, Italia, Malta, Noruega, Países Baixos, Portugal e Reino Unido.

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 134

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 134

RESUMO DO PROXECTO:

Galeuropa é un programa de mobilidade transnacional xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Vai dirixido á mocidade inscrita no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Voluntariado de Galicia e consiste na realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas en países europeos.

A finalidade da mobilidade transnacional é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación e á adquisición da experiencia profesional necesaria para a incorporación ao mercado de traballo dunha maneira duradeira no tempo. Ademais, a mobilidade transnacional apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros que aumentan a empregabilidade das persoas novas de diversos concellos de Galicia: 60 eran da provincia da Coruña, 8 de Lugo, 21 de Ourense e 45 de Pontevedra.

Durante o ano 2015 participaron neste programa 134 persoas (85 mozas e 49 mozos), menores de 25 anos, de diversos concellos de Galicia: 60 eran da provincia da Coruña, 8 de Lugo, 21 de Ourense e 45 de Pontevedra. Fixéronse mobilidades a 12 países, sendo os países máis demandados Reino Unido, Portugal e Italia, con 38, 31 e 38 mozos/as respectivamente, seguidos de Irlanda con 12 mozos/as.

A mocidade puido participar en Galeuropa a través de dous sistemas diferenciados:

- Recibindo directamente a axuda de Galeuropa da Consellería de Política Social (DXXPV) para xestionar a súa propia mobilidade.
- Participando na mobilidade a través dos concellos e entidades sen ánimo de lucro, que resultaron beneficiarios/as da axuda Galeuropa.

GALEUOPA



The poster features a blue header with the ESN Santiago logo on the left and the word 'GALEUOPA' in large white letters on the right. Below the header, the text 'Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuopa 2015' is written in white. The main body of the poster is white with blue text. It includes a map of Europe with the word 'GALEUOPA' and the European Union flag overlaid. To the right of the map, the countries 'PORTUGAL', 'ITALIA', and 'REINO UNIDO' are listed. At the bottom left, there are logos for the Xunta de Galicia and the European Union, along with their respective names in Galician and Spanish. At the bottom right, the website and email address are provided.

GALEUOPA
Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuopa 2015

Realización de prácticas formativas non remuneradas na Unión Europea
2 meses de estadia (30 Setembro- 30 Novembro)
100% FINANCIADAS

PORTUGAL
ITALIA
REINO UNIDO

Financiado por

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude
e Voluntariado

 Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE axilita na teu futuro
UNIÓN EUROPEA

<http://www.esnsantiago.com/galeuopa/>
galeuopa@esnsantiago.com

ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Asociación Erasmus Compostela

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuopa 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: Derry, Brescia e Lisboa

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro/novembro 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Reino Unido, Italia e Portugal

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 13

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 13

RESUMO DO PROXECTO:

A Asociación Erasmus Compostela, ESN Santiago realizou 13 estadias de prácticas formativas en empresas de dous meses de duración para mozos e mozas de menos de 25 anos: 6 mozos estiveron en Derry (Reino Unido), 4 en Lisboa (Portugal) e 3 en Brescia (Grecia).

O obxectivo foi reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais ao mesmo tempo que os participantes adquiren coñecementos na lingua de traballo dos países onde estiveron a realizar a mobilidade.

GALEUOPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Asociación Cultural Inglicia

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuopa

LUGAR DE REALIZACIÓN: Cork, Irlanda

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro e novembro de 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Irlanda

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 8

RESUMO DO PROXECTO:

Grazas ao Programa Galeuopa 8 participantes galegos inscritos no Sistema Nacional de Garantía xuvenil puideron gozar dunha experiencia de mobilidade transnacional de 2 meses en Cork (Irlanda), desenvolvendo prácticas profesionais en empresas relacionadas cos seus estudos.

"A experiencia de todas as persoas participantes foi moi positiva. De seguido expresamos o relato dunha participante durante a súa estada:

Pois a experiencia é moi positiva desde o primeiro día. Realicei prácticas como deseñadora gráfica nunha empresa chamada Snap, que se adica ao deseño e impresión. Esta empresa é como unha gran familia, onde che axudan sempre que o necesitas e che resolven calquera dúbida que teñas; polo tanto cada día aprendo algo novo e ademais practico inglés.

Comparto piso con outros 6 mozos e mozas procedentes de Francia, España, Holanda, Alemaña e Sudáfrica e a convivencia é moi boa. Aprendes moito da súa cultura co día a día e sempre tes quen che bote unha man cando o precisas. O piso está moi ben situado, a carón do centro e a 15 minutos do meu lugar de traballo, o que se agradece moito. Como en Cork, non é preciso usar o transporte público porque é moi compacto e todo está moi preto.

Fóra de Cork visitamos un dos puntos turísticos máis importantes de Irlanda, o castelo de Blarney, onde se atopa unha pedra que che da o "don da elocuencia" se a bicas. O castelo está situado nunha zona rural onde puidemos comprobar que a paisaxe galega non ten nada que envexar á irlandesa, pois é moi similar. A Deus grazas choveu pouco desde que chegamos e agardo que continúe así."

Ler máis "<http://www.ingalicia.org/2015/10/la-experiencia-de-carmen-con-las-becas-galeuopa-en-irlanda/#ixzz3zr6zzPFd>"

GALEUROP



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Asociación Cultural Recreativa Deportiva, Xuvenil e Prestadora de Servizos Sociais Muxema

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuropa 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: Figueira da Foz, Portugal, Treviso e Sicilia, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro e novembro de 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Portugal e Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 13

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 13

RESUMO DO PROXECTO:

Galeuropa non se dá descrito neste pequeno fragmento. Poñelo en marcha foi difícil e tivemos que ir superándonos a nós mesmos pero mereceu moito a pena o esforzo para que finalmente resultara un proxecto tan satisfactorio.

O reparto das prácticas Galeuropa foi da seguinte maneira: En Portugal estiveron tres mozas, das cales, unha traballou para un concello nunha oficina de información turística, outra estivo nunha axencia de seguros e outra nunha ONG de tipo cultural e deportiva.

En Italia, o grupo dividiuse para dúas zonas. Cinco mozos/as estiveron en Treviso, onde traballaron no campo da educación social, do deseño e moda e do traballo social, dentro dunha cooperativa social que atende a varias áreas. Outras cinco persoas estiveron en Sicilia traballando en diferentes ámbitos: unha rapaza para a administración local, outra moza xornalista para unha televisión, nun centro de estética e masaxes, outra nun concello nunha escola de infantil e tamén desenvolvendo tarefas de guía dun museo.

Esta mobilidade favorece de maneira exponencial a adquisición de formación e experiencia para incorporarse ao mercado de traballo e para o propio desenvolvemento como individuos dos mozos e das mozas protagonistas dela.

GALEUROPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Fundación Paideia Galiza

TÍTULO DO PROXECTO: Mobilidade Transnacional Xuvenil (Galeuropa)

LUGAR DE REALIZACIÓN: Trento, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: 28/09/15 ao 27/11/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 7

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 7

RESUMO DO PROXECTO:

Para a Fundación Paideia Galiza este proxecto enmárcase nun dos seus eixos de traballo, "Xuventude e Mobilidade", que pretende promover oportunidades de mobilidade en Europa e favorecer a inserción laboral a mozos e mozas a través de experiencias de aprendizaxe non formal.

O proxecto integrábanlo 7 participantes entre 18 e 24 anos de idade, inscritos no sistema de Garantía Xuvenil. O grupo estaba formado por 5 mozos con formación profesional de Cociña, Mecanizado e Animación Sociocultural, 3º ESO, PCPI de Informática; e 2 mozas con 1º bacharelato e 4º ESO; son residentes dos concellos de Rois, Porto do Son, Lalín, Vilalba, Oleiros, Santiago de Compostela e Brión. Para 3 deles foi a súa primeira experiencia profesional.

O proxecto comezou coa fase de preparación con sesións informativas e formativas nas que se trataron temas como a formación lingüística, desenvolvemento de habilidades e competencias, elaboración do CV Modelo Europass (en italiano e español) e uso de EURES (Servizos Europeos de Emprego); diversidade cultural e traballo en equipo.

Durante a estada en Italia, os/as participantes levaron a cabo actividades culturais e recibiron semanalmente formación lingüística e titorización durante todo o proxecto. Realizaron prácticas non laborais en empresas italianas: 2 no sector da hostalaría, un mozo en cociña e outra moza na atención ao público e servizo. Outros 2 mozos no sector equino. 1 mozo estivo no sector de produción de produtos lácteos e outros 2 mozos fixeron as prácticas nun centro xuvenil no sector da animación sociocultural. Unha das participantes recibiu unha oferta de emprego na súa empresa.

Ao remate da mobilidade, leváronse a cabo obradoiros de peche e avaliación cos participantes, e entregóuselles unha guía de recursos para facilitar os pasos posteriores á mobilidade, así como orientación socio-laboral para o futuro dos mozos e mozas en Galicia e Europa.

Trala súa participación no proxecto, a situación actual dos participantes é a seguinte: 1 beneficiario está traballando no sector da hostalaría en Madrid, 1 beneficiaria emprendeu o seu propio proxecto no sector da restauración en Galicia, 4 beneficiarios reintegráronse nos sistemas educativos e formativos, 1 beneficiario está participando noutro proxecto xestionado pola Fundación Paideia. Isto demostra que a súa experiencia laboral no estranxeiro achegou, sen dúbida, un valor engadido á súa formación e á súa traxectoria profesional, ampliando as súas oportunidades de emprego.

GALEUOPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Xeración Asociación Cultural

TÍTULO DO PROXECTO: Fenix (Formación en Empresas Internacionais para a Xuventude)

LUGAR DE REALIZACIÓN: Barcellona-Pozzo di Gotto, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro-novembro 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 8

RESUMO DO PROXECTO:

O proxecto Formación en Empresas Internacionais para a Xuventude (FENIX) baseouse na mobilidade de 8 mozos e mozas galegos por espazo de 2 meses co obxectivo de adestrar competencias profesionais e vitais nun contorno de traballo transnacional. Os participantes tiveron a oportunidade de aprender técnicas, adquirir coñecementos así como desenvolver unha actitude de tolerancia e traballo en equipo nas PEMES e organizacións nas que estiveron a traballar. Estas empresas foron moi variadas (desde carpinterías, ata asesorías, pasando por centros de refuxiados) todas elas adaptadas aos estudos ou perfís profesionais dos/das participantes.

Todas as mobilidades tiveron como destino Barcellona-Pozzo di Gotto, unha cidade mediana na costa de Sicilia.

Desta maneira, os integrantes do proxecto FENIX poideron aprender a desenvolverse en italiano (grazas tamén ao curso de idioma incluído no proxecto) e descubriron a cultura italiana dunha maneira integradora e divertida.

GALEUOPA



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Asociación sociocultural Luenda

TÍTULO DO PROXECTO: Galeuropa 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN: Figueira da Foz, Portugal e Sicilia e Treviso, Italia

DATA DE REALIZACIÓN: Outubro e novembro de 2015

PAÍSES PARTICIPANTES: España, Portugal e Italia

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 8

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 8

RESUMO DO PROXECTO:

O exitoso proxecto de mobilidade de Luenda por Galeuropa favoreceu que os/as mozos/as participantes melloraran as súas aptitudes e competencias clave e contribuíu a facilitarlles o acceso ao mercado de traballo.

Dos/as 8 mozos/as participantes, dúas rapazas desenvolveron as prácticas nun Agrupamento de Escolas en Figueira da Foz (Portugal), onde puxeron en práctica o que elas aprenderon nas súas carreiras de educación infantil. Dúas mozas formadas na rama do deseño e patronaxe de moda iniciáronse no mundo das manualidades e ornamentos dentro dunha organización solidaria de Treviso (Italia). Catro participantes con estudos da ESO, ou sen rematar, puideron traballar en Italia na rama da hostalería coas prácticas nun hotel, outro no mantemento de xardíns e nun parque natural e outro participante colaborou nunha ONG na que desenvolveu actividades de apoio administrativo, preparación de actividades et

Non cabe dúbida de que a mobilidade beneficiou en gran medida a adquisición de formación e experiencia para incorporarse ao mercado de traballo e para a propia promoción como traballador/a e como persoa. Con este programa, o grupo aprendeu a convivir, a desenvolverse con autonomía e a practicar outra lingua diferente no contexto apropiado. Unha oportunidade única para mellorar.



III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Xuventude no mundo



XUVENTUDE NO MUNDO



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO:

LUGAR DE REALIZACIÓN: Santiago de Compostela

DATA DE REALIZACIÓN: 8-13/03/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Xapón e España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 10

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 25

RESUMO DO PROXECTO:

Durante a semana que durou o intercambio, os mozos e mozas xaponeses coñeceron a cultura, a lingua e os costumes galegos, interactuaron con galegos en distintas actividades e durante dous últimos días conviviron con familias galegas, as dos mozos e mozas que formaron parte do grupo de mozos galegos que visitou a Prefectura de Wakayama no pasado mes de agosto nun intercambio de ida.

O programa de actividades do intercambio combinou actividades educativas e culturais, como unha xornada de traballo con universitarios/as galegos/as na que deron a coñecer a realidade sociocultural das dúas rexións, unha visita ás instalacións dun referente empresarial galego a nivel mundial como é o caso de INDITEX, o percorrido dun tramo do Camiño de Santiago, así como unha visita á zona vella da cidade de Santiago de Compostela.

XUVENTUDE NO MUNDO



ENTIDADE/ASOCIACIÓN: Prefectura de Wakayama - Xapón

TÍTULO DO PROXECTO: O camiño kumano

LUGAR DE REALIZACIÓN: Wakayama

DATA DE REALIZACIÓN: 17-24/08/15

PAÍSES PARTICIPANTES: Xapón - España

Nº DE PARTICIPANTES DE GALICIA: 15

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 22

RESUMO DO PROXECTO:

Unha delegación de quince mozos e mozas galegos participou nun intercambio bilateral na cidade xaponesa de Wakayama. Durante unha semana os mozos e mozas galegos coñeceron a cultura, a lingua, as tradicións e os costumes xaponeses, relacionáronse coa xuventude nipona en distintas actividades e durante os dous últimos días do intercambio conviviron con familias xaponesas. Percorreron un tramo do Camiño Kumano Kodo que conduce ao Santuario de Tanabe, ruta recoñecida pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade - ao igual que o Camiño de Santiago de Compostela-. Así pois, a cultura galega e a xaponesa, se ben son moi diversas, están unidas por un vínculo, por unha tradición de peregrinación.



galicia



XUNTA
DE GALICIA